

¡Home! ¡Xa tiña eu gana de pillarvos a todos xuntos! Para celebralo, quedades todos sen recreo. E a ver se tedes coidado e non deixedes que vos coman as ras. Menos mal que vos cuspiron. Debiádeslle saber a raios.



¡Ola! Quero contarche un segredo.



¡Bo día!



¿Qué tal?



¡Xa estamos aqui!



¡Estamos xuntos!



¡lupi



¡Quería volver!



¿Podemos quedar no recreo?



¡Vale!



Aroa, ¿Botamos un axedrez?



¡Pégame co pau!



¡A min, tamén!





Profe, esta vasoira ten poderes,
como o teu dedo máximo.

E ¿que fai?


Non teño idea. ¿Probamos
a ver que fai?

Probemos.











¡FANTÁSTICO!




¡Veña, rapaces, a traballar!



Os insectos son invertebrados. Isto quere dicir que non teñen un esqueleto de ósos. O que si teñen é un exoesqueleto, que é como unha cuberta dura que os protexe do medio ambiente e doutros animais que os puideren mancar. O exoesqueleto dos insectos está feito cunha substancia chamada quitina.




Este insecto desfai o seu exoesqueleto para seguir medrando. É como unha armadura baleira.



Moitos insectos teñen ás. Algúns téñenas estendidas e fóra do exoesqueleto, como os cabaliños do demo: coma min.

Outros, como os escaravellos, dóbranas sobre o seu lombo para protexelas. Os insectos poden ter un par de ás, como as moscas, o dous pares, coma min.




Son ovíparos. Isto significa que nacen de ovos.





As antenas dos insectos sêrvenlles para recoñecer texturas, olores e sabores que están presentes no medio ambiente.

Os insectos teñen seis patas. Estas son articuladas. Isto quere dicir que teñen puntos onde se poden dobrar, igual que os teus xeonllos. Isto permite aos insectos camiñar, correr e saltar.

ANTENAS






PATAS



Os ollos dos insectos, como os desta mosca, son realmente interesantes. Cada un está formado por centos de ollos moi pequenos que lles permiten notar calquera movemento arredor deles e fuxir en caso de perigo.




Algúns insectos, coma as bolboretas, cambian de forma de pequenos a adultos. A isto chámasele metamorfose.





O máis longo é o **INSECTO PAU**. Pode chegar a 33 cm. de lonxitude. A maior parte do día repousan colgados dunha rama, case inmóbiles, para pasar desapercibidos aos seus inimigos. Son verdes ou castaños, segundo a cor da póla á que imiten. Mesmo os ovos que poñen as femias son idénticos ás sementes das plantas.


Agora cóntoche cal é o insecto máis longo do mundo.





Eu digo que cal é o que máis salta.


O que máis salta é a **PULGA**. Aínda que sabe andar, a súa especialidade é o salto. O maior rexistrado alcanzou 19,7 cm. de altura e 33 cm. de lonxitude. Son especialistas en picar e chuchar o sangue doutros animais.





E eu cóntoche cal é
o insecto máis
grande do mundo.

O máis grande é o **TITÁN DO AMAZONAS**.
Pode chegar a 16 cm. de lonxitude. Aínda foi
máis longo cando era unha larva, que chega a
medir 25 cm. e ten unha carne que é unha
larpeirada para os indíxenas do Amazonas.



Tes que ver estes vídeos de internet para coñecer mellor os insectos.

¿Por que fan mel as abellas?

https://www.youtube.com/watch?v=HtTOF_dLbQ4

Os insectos:

<https://www.youtube.com/watch?v=3tXZZ>

5 cousas que non sabias das formigas

<https://www.youtube.com/watch?v=byk37iw6FqQ>

¿Como ides facer ximnasia así?
A ver que di a profe Leti.

